

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 17.09.2025 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de setembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1 26909 (12/PNC-002537)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co fin de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita (UPA)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211fl, do 18.06.2025
- 2 27155 (12/PNC-002551)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe relativo ao cumprimento dos obxectivos da Lei Valentín Paz-Andrade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211fl, do 18.06.2025
- 3 27278 (12/PNC-002569)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Comesaña, Julio e 7 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España relativas á planta xudicial en Galicia e ao número de xulgados de violencia contra a muller
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211fl, do 18.06.2025
- 4 31813 (12/PNC-002791)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co fin de mellorar a xestión do Fondo de Compensación Interterritorial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 244, do 28.08.2025
- 5 31840 (12/PNC-002795)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar
Sobre as medidas e as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co fin de mellorar as condicións das profesionais e dos profesionais que atenden o servizo de xustiza gratuíta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 244, do 28.08.2025

Asinado o día 10/09/2025 ás
14:02
Por Julio García Comesaña



- 6 32591 (12/PNC-002837)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda de mellora dos grupos de emerxencia supramunicipais,
mediante o cumprimento do convenio, o establecemento de criterios xustos de
repartición de material e a elaboración dun informe sobre as zonas sen cobertura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 248f1, do 04.09.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2025

Julio García Comesaña
Presidente da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 10/09/2025 14:02:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 10/09/2025 14:22:33
Nº Rexistro: 9260
Data envío: 10/09/2025 14:22:33,993

CSV: REXPG-VMoy0XoU-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 14:22:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 10/09/2025 14:22:33
Nº Rexistro: 9260
Data envío: 10/09/2025 14:22:33,993

CSV: REXPG-VMoy0XoU-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Julio García Comesaña	P
Vicepresidente	
Roberto Rodríguez Martínez	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

María Cristina Fernández Davila	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Óscar Insua Lema	BNG
Argimiro Marnotes Fernández	P
Paula Mouzo Mas	P
Armando Ojea Bouzo	M
José Alberto Pazos Couñago	P
Carmen María Pomar Tojo	P
Paula Prado del Río	P
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Iago Suárez Fernández	BNG
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Iria Taibo Corsanego	BNG
Katherinie Varela Fernández	P

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.09.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.09.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 26909(12/PNC-002537)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao
Goberno central co fin de completar o cadro de persoal da
Unidade de Policía Adscrita (UPA)

Publicación da iniciativa, 211f1, 18.06.2025



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26909
Data envío: 05/06/2025 18:39:40.230



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, José Manuel Mato Díaz, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos

Desde Galicia levamos tempo insistindo na urxencia de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita (UPA) para que poidan seguir prestando as súas funcións. Actualmente a UPA conta con 342 efectivos fronte aos 500 que lle corresponderían, o que representa un déficit de máis do 30%.

Esta demanda foi un dos asuntos principais do encontro que mantiveron a principios deste ano entre o conselleiro de Presidencia, Diego Calvo e o ministro do Interior, Fernando Grande-Marlaska pero, pasado todo este tempo, seguimos sen resposta por parte do Goberno de España a quen lle corresponde reforzar este corpo policial en Galicia.

Como pode verse, a situación actual, lonxe de resolverse, parece cronificarse. De chegar o verán, a UPA pode verse obrigada a deixar de prestar algunha das súas funcións por falta de efectivos, que deberán ser asumidas por outras forzas de seguridade, que tamén están en precario.

A isto hai que engadir o risco de demora que implica o recente cese do secretario de Estado de Seguridade, Rafael Pérez, número dous do ministerio que era o interlocutor na negociación sobre a policía.

A falta de avances condiciona diariamente a actividade da UPA, que presta servizos presta servizos en materia de medio ambiente, incendios forestais, furtivismo, menores e violencia de xénero, así como de protección e vixilancia dos edificios da Xunta e as autoridades e tamén apoia ás demais forzas de seguridade do Estado e ás policía locais galegas. A falta de persoal afecta as catro sedes provinciais, á oficina de Vigo e á central en Santiago.

Outro factor relevante é que os efectivos da UPA teñen unha idade media próxima aos 50 anos. Este feito é determinante porque cómpre emprar que o groso dos axentes nacionais que compoñen a UPA —policías, oficiais e inspectores— poden solicitar a

Asinado o día 05/06/2025 ás
18:37
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSM-REXPG-SuñPewMD-5
Verificación
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26909
Data envío: 05/06/2025 18:39:40.230



segunda actividade ao cumprir os 55 anos, xa que o seu traballo, á parte de entrañar riscos, supón un forte desgaste físico.

A carencia do persoal da UPA en Galicia pola negativa do Ministerio a aceptar os reforzos contrasta co feito de que o Goberno de España si acepta unha ampliación do corpo de Mossos d'Esquadra de 19.000 a 25.000 axentes. O compromiso de sumar 6.000 efectivos máis á policía catalá foi asumido polo Goberno central a esixencia de ERC, un dos partidos independentistas cataláns necesarios para a investidura de Pedro Sánchez.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno de España a urxente necesidade de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita de Galicia (UPA) para que poida seguir prestando as súas funcións en termos de seguridade eficiencia e sen verse obrigados a renunciar a ningunha función e, nesa liña, lembrar que segue pendente o compromiso de reforzar o corpo en Galicia cun mínimo de 50 axentes”.

Santiago de Compostela, 5 de xuño 2025.



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/06/2025 18:37:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26909
Data envío: 05/06/2025 18:39:40.230

CSV: REXPG-3JhYPewh0-5
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 18:39:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26909
Data envío: 05/06/2025 18:39:40.230

CSV REXPG-3JhYPewh0-5
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.09.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 27155(12/PNC-002551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e a remisión
ao Parlamento de Galicia dun informe relativo ao cumprimento
dos obxectivos da Lei Valentín Paz-Andrade

Publicación da iniciativa, 211f1, 18.06.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:56:39
Nº Rexistro: 27155
Data envío: 11/06/2025 11:56:39.458

Asinado o día 11/06/25
11:53
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Iria Taibo Corsanego** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a aplicación da Lei Valentín Paz-Andrade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, máis coñecida como Lei Valentín Paz-Andrade, establece no seu Artigo 5:

“O Goberno galego realizará anualmente un informe en relación co cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custo e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte. O dito informe remitirase ao Parlamento de Galicia”.

Este informe nunca foi remitido ao Parlamento Galego, senón que o goberno asumiu que podía substituílo por unha comparecencia do Secretario Xeral da Lingua. Porén, en 2024 non se produciu a devandita comparecencia, nin o goberno galego cumpriu a literalidade da Lei Valentín Paz-Andrade remitindo un informe do cumprimento da lei.

A marxe de mellora no cumprimento e avance desta Lei é moi ampla, tanto no que se refire á evolución da presenza do portugués no ámbito educativo ou no que ten que ver coa relación cos diferentes países de lingua portuguesa.

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:53
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:53
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: REVPG-Es5R7vnNG-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:56:39
Nº Rexistro: 27155
Data envío: 11/06/2025 11:56:39.458

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta o goberno galego a cumprir o artigo 5.º da Lei Valentín Paz-Andrade, elaborando un informe sobre o cumprimento dos obxectivos da Lei e remitíndoo ao Parlamento Galego.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-Es5R7vNNG-4

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 11:53:00

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/06/2025 11:53:10

Luis Bará Torres na data 11/06/2025 11:53:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:56:39
Nº Rexistro: 27155
Data envío: 11/06/2025 11:56:39.458

CSV REXPO-E5R7vNNG-4
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 11:56:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:56:39
Nº Rexistro: 27155
Data envío: 11/06/2025 11:56:39.458

CSV REXPO-E5R7vNG-4
Verificar
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.09.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 27278(12/PNC-002569)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao
Goberno de España relativas á planta xudicial en Galicia e ao
número de xulgados de violencia contra a muller

Publicación da iniciativa, 211f1, 18.06.2025



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:25:11
Nº Rexistro: 27278
Data envío: 12/06/2025 10:25:11.493

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Goberno de España anunciou recentemente a creación de novos Xulgados de Violencia sobre a Muller en Galicia, unha medida que, en principio, podería contribuír a mellorar a resposta institucional fronte á violencia de xénero. Porén, nas cidades da Coruña e Vigo esta medida materialízase mediante a transformación de xulgados de instrución xa existentes —o Xulgado de Instrución nº 8 da Coruña e o Xulgado de Instrución nº 8 de Vigo—, o que supón, na práctica, unha redución da planta xudicial penal en dúas das cidades con maior carga de traballo de Galicia.

Segundo datos oficiais, os xulgados de instrución de Vigo asumen un volume de causas que acada o 98,2 % do limiar obxectivo fixado polo propio Ministerio de Xustiza, e prevese que ese valor se supere a curto prazo. No caso da Coruña, a situación é tamén preocupante: os sete xulgados de instrución actuais acumulan unha carga de traballo que supera amplamente os módulos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial. En concreto, o Xulgado de Instrución nº 8 —o afectado pola reforma— xestionou en 2023 un volume de asuntos que representa arredor do 115 % do módulo de entrada recomendado, segundo datos do propio TSXG.

A supresión destes órganos instrutores suporá unha sobrecarga inmediata e directa para os restantes xulgados de instrución, afectando negativamente á tramitación de dilixencias previas, medidas cautelares e causas complexas que requiren especial atención. Ademais, tanto Vigo como A Coruña presentan características demográficas, sociais e xurisdiccionais que as fan especialmente sensibles á perda de recursos: ambas son cabeceiras de partido xudicial e sedes de

Asinado o día 12/06/2025 ás
10:24
Por Alberto Pazos Couñago

CSX-BEVPG-CpXtBWtP-H-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



órganos especializados e provinciais, e atenden tamén a poboación doutros municipios da súa contorna.

O rexeitamento a esta medida foi manifestado por múltiples institucións e actores xurídicos. O propio Concello de Vigo, gobernado polo Partido Socialista, cualificou de "desafortunada e errónea" a decisión, reclamando un novo xulgado de violencia sen suprimir os xa existentes. O Colexio de Avogados da Coruña, a través dun comunicado oficial, advertiu que "a creación de novos órganos especializados debe facerse sumando recursos, non reducindo capacidades", e cualificou a decisión como "inxustificada e regresiva". A Xunta de Galicia, pola súa parte, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, expresou o seu malestar pola falta de diálogo institucional e pola perda real de medios na administración de xustiza en Galicia.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia leva anos reclamando, con informes técnicos contrastados, a creación de novos xulgados de instrución na Coruña e Vigo. A eliminación de órganos existentes por parte do Goberno de España non responde a criterios de racionalidade nin de interese xeral, senón a un reparto desigual que prexudica especialmente a Galicia e ignora as necesidades do territorio.

Desde o Grupo Parlamentario Popular reiteramos o noso compromiso co fortalecemento do sistema xudicial e coa loita contra a violencia de xénero, pero consideramos inaceptable que se faga a costa de debilitar outros piares esenciais da xustiza penal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Manter integramente a planta xudicial penal das cidades da Coruña e de Vigo, evitando a supresión dos Xulgados de Instrución nº 8 en ambas cidades, e mantendo todos os órganos instrutores actualmente existentes.






**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:25:11
Nº Rexistro: 27278
Data envío: 12/06/2025 10:25:11.493

- 2.- Crear novos Xulgados de Violencia sobre a Muller nas cidades da Coruña e Vigo, como órganos adicionais e específicos, sen que iso supoña a transformación nin eliminación de xulgados de instrución.
- 3.- Planificar a planta xudicial de Galicia de forma rigorosa, transparente e dialogada coa Xunta de Galicia, atendendo a informes técnicos, datos de carga de traballo e criterios de equilibrio territorial.
- 4.- Garantir unha resposta eficaz, especializada e suficiente fronte á violencia de xénero, reforzando os medios materiais e humanos sen deteriorar o funcionamento doutros órganos xurisdicionais fundamentais”.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 10:24:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:25:11
Nº Rexistro: 27278
Data envío: 12/06/2025 10:25:11.493

CSV REXPG-CpXBW1pH-9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 10:25:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:25:11
Nº Rexistro: 27278
Data envío: 12/06/2025 10:25:11.493



CSV REXPG-CpXBW1pH-9
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.09.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 31813(12/PNC-002791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co
fin de mellorar a xestión do Fondo de Compensación
Interterritorial

Publicación da iniciativa, 244, 28.08.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31813
Data envío: 20/08/2025 15:52:42.779

Asinado o día 20/08/25
15:48
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **Proposición non de lei** Para o seu debate na **Comisión 1ª**.

O Consello de Contas de Galicia vén de publicar, o 30 de xullo de 2025, o seu Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FFCI), relativo ao exercicio 2023. O devandito informe revela datos preocupantes sobre a xestión destes fondos pola Xunta de Galicia.

Os FFCI están previstos no artigo 158.2 da Constitución española e teñen por obxecto corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade entre territorios. Galicia, xunto con outras nove comunidades autónomas e dúas cidades autónomas, é beneficiaria destes fondos.

Segundo o informe do Consello de Contas:

- Galicia presenta unha taxa de execución do 66 %, o que supón que 1 de cada 3 euros asignados non foron executados.
- Galicia é a segunda comunidade autónoma con peor índice de execución, só por diante da Rexión de Murcia.
- O 100 % dos fondos asignados no ano 2023 foron destinados á provincia de Pontevedra, sen que Lugo nin Ourense recibisen ningún recurso, situación que tamén se produciu no exercicio 2022.

Asinado o día 20/08/2025 ás
15:47
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 20/08/2025 ás
15:47
Por Patricia Iglesias Rey

CSM-REVG-ATJUC4zg-8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31813
Data envío: 20/08/2025 15:52:42.779

- A dotación estatal dos FFCI permanece conxelada desde 2014, en 432,4 millóns de euros, dos cales Galicia recibe un 8,92 %.

O propio Consello de Contas recomenda redeseñar os FFCI e incrementar a súa dotación, así como mellorar a planificación e execución autonómica destes recursos. A concentración territorial, a baixa execución e a falla de explicacións públicas sobre os criterios empregados revelan unha falta de transparencia e de orientación redistributiva na aplicación dos fondos en Galicia.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar e facer públicos os motivos polos cales Galicia presenta un dos peores índices de execución dos Fondos de Compensación Interterritorial, situándose no exercicio 2023 como a segunda comunidade con menor nivel de certificación de proxectos ao Ministerio de Facenda.
2. Explicar ante a Cámara os criterios técnicos, económicos ou políticos que xustifican a distribución territorial dos FFCI no ano 2023, que resultou na asignación do 100 % dos fondos á provincia de Pontevedra, sen destinar ningún investimento con cargo a estes fondos nas provincias de Lugo e Ourense.
3. Adoptar medidas urxentes para reforzar os mecanismos de planificación, coordinación e execución dos FFCI, garantindo a súa plena execución anual e o cumprimento da súa finalidade constitucional.
4. Establecer criterios obxectivos, transparentes e equitativos para a distribución territorial dos FFCI dentro de Galicia, garantindo que todas as

CSV REXPO-ATJluC4zg-8
Validado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31813
Data envío: 20/08/2025 15:52:42.779

provincias se poidan beneficiar destes recursos en función das súas necesidades socioeconómicas.

Parlamento de Galicia, 20 de agosto de 2025



CSV: REXPG-ATJluC4zg-8

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 20/08/2025 15:47:47

Paloma Castro Rey na data 20/08/2025 15:47:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/08/2025 15:48:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31813
Data envío: 20/08/2025 15:52:42.779

CSV REXPG-ATJluC4zg-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 15:52:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31813
Data envío: 20/08/2025 15:52:42.779

CSV REXPG-ATJluC4zg-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.09.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 31840(12/PNC-002795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre as medidas e as actuacións que debe pór en marcha o
Goberno galego co fin de mellorar as condicións das
profesionais e dos profesionais que atenden o servizo de
xustiza gratuíta

Publicación da iniciativa, 244, 28.08.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a mellora das condicións do servizo de xustiza gratuíta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o mes de novembro de 2023, hai xa máis de 20 meses, as profesionais da avogacía e procuradoría que atenden o servizo de xustiza gratuíta en Galiza están en folga en reclamación da dignificación e mellora deste servizo público e das condicións nas que se presta. A medida implicou a suspensión de milleiros de vistas, xuízos e diferentes dilixencias xudiciais, malia o que a Xunta de Galiza, administración responsable da prestación do servizo e titular do mesmo, se segue sen recoñecer a folga, nin fixar os servizos esenciais, nin a pesares do tempo transcorrido o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes reuniuse coa representación da traballadoras mobilizadas.

O XIX Informe do Observatorio da Xustiza Gratuíta impulsado polo Consello Xeral da Avogacía Española e a Fundación Aranzadi-La Ley evidencia que Galiza, máis unha vez, é das Comunidades Autónomas con competencias transferidas en materia de administración de xustiza que menos invisten por habitante no servizo de xustiza gratuíta. Segundo o referido informe, a media do investimento en Xustiza Gratuíta por habitante de todas as CCAA do Estado é case un 40% o que se realiza en Galiza. A media de todas as Comunidades Autónomas é de 7,07 €/habitante fronte aos 5,20€ que inviste a Xunta de Galiza.



A escaseza do investimento realizado pola Xunta de Galiza en materia de XG atinxe non só ás compensacións que reciben as profesionais da avogacía e da procura que prestan o servizo, senón tamén aos custes da infraestrutura necesaria para o funcionamento operativo do servizo público, que están a cargo dos Colexios Profesionais da Avogacía e da Procuradoría sendo ás achegas que estas Corporacións Públicas reciben da Xunta de Galiza notablemente inferiores ás necesarias para cubrir os custes necesarios para a atención deste servizo público de prestación obrigatoria por parte da Xunta de Galiza.

O vindeiro 30 de setembro de 2025 finaliza a vixencia do denominado Acordo sobre a Compensación Económica pola Asistencia Letrada Gratuíta suscrito no 2021 pola Xunta de Galiza e o Consello da Avogacía Galega polo que é precisa e urxente a renovación do mesmo, debendo ampliarse tanto os conceptos contidos no Baremo, como as percepcións contidas no mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Recoñecer o dereito de folga das traballadoras adscritas á quenda de oficio e ao servizo público de xustiza gratuíta, interesando que o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes se reúna coa representación das traballadoras en conflito a fin de analizar as medidas necesarias para a mellora do servizo e das condicións das condicións das profesionais que o prestan

b) Acordar cos Consellos da Avogacía e Procuradoría de Galiza un novo baremo que amplíe as actuacións contidas no mesmo e incremente as percepcións destinadas ás profesionais que atenden o servizo.

c) Establecer o sistema de módulos por expediente tramitado para a determinación da compensación a percibir polos colexios da avogacía e da procura polos custes necesarios para a infraestrutura e o funcionamento operativo da quenda de oficio, do servizo de asistencia xurídica gratuíta e do asesoramento e orientación previos ao proceso.

d) Solicitar ao Goberno do Estado a regulación do Estatuto da profesional da avogacía e procuradoría que prestan o servizo público de asistencia xurídica gratuíta e a quenda de oficio”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/08/2025 11:12:58

Óscar Insua Lema na data 21/08/2025 11:13:06

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2025 11:13:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 11:14:49
Nº Rexistro: 31840
Data envío: 21/08/2025 11:14:49.230

CSV REXISTRO-mMhQRwME-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 11:14:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 11:14:49
Nº Rexistro: 31840
Data envío: 21/08/2025 11:14:49.230

CSV REXPO-mMhQRwME-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.09.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 32591(12/PNC-002837)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda de mellora dos grupos de emerxencia
supramunicipais, mediante o cumprimento do convenio, o
establecemento de criterios xustos de repartición de material
e a elaboración dun informe sobre as zonas sen cobertura

Publicación da iniciativa, 248f1, 04.09.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

Asinado o día 28/08/25
10:44
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Galicia, foron creados en 2013 para reforzar a resposta rápida en zonas sen parques de bombeiros comarcais.

Unha década despois estes grupos cobren o 34 % das emerxencias do noso territorio pero en moitos casos non contan coas ferramentas e a capacitación necesaria para responder con eficacia e seguridade.

Estes servizos de emerxencias son a primeira liña de defensa ante situacións críticas: incendios forestais, accidentes de tráfico, afogamentos, temporais, rescates en zonas rurais ou montañosas, inundacións, fugas de gas, colapsos estruturais, entre moitos outros. Son a man estendida dos concellos cando a cidadanía máis o precisa.

Pero esta realidade está sostida, demasiadas veces, con medios precarios, con escaseza de persoal profesional, con vehículos obsoletos, e con instalacións e equipos que non están á altura das esixencias actuais. Todo iso, mentres os riscos aumentan. E o cambio climático está agravando as emerxencias que debemos afrontar.

O pasado 30 de decembro a Xunta coas 4 deputacións e a Fegamp asinaron un novo Convenio de Colaboración en materia de emerxencias e prevención e

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:43
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 28/08/2025 ás
10:43
Por Paloma Castro Rey

CSX-REXPG-hpAEJKUQO-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento do grupo de emerxencias supramunicipais cun período de vixencia 2025-2027.

O dito convenio atribúe ao Goberno galego a obriga de velar polo seu cumprimento e isto pasa tamén por controlar que por parte das outras administracións (concello e deputación) se asuman as competencias nel establecidas.

Competencias como garantir que a instalación base sexa axeitada para a prestación de servizos de emerxencias ou que se cumpra a normativa de prevención de riscos laborais.

Por outra banda, en relación coa cobertura, quedan en Galicia moitas zonas escuras sen cubrir e por exemplo en Pontevedra o intento frustrado de creación en Moraña ou a Lama fai que sega sen cubrir un territorio moi extenso e con alto risco de incendio forestal como son os concellos de Pontecaldelas, A Lama, Campolameiro ou Cerdedo-Cotobade.

En relación co reparto de material por parte da Xunta non se coñecen os criterios que utiliza, como exemplo, se repartiron camións a concellos que non tiñan GES e non a outros que os levan tempo reclamando por telos obsoletos. Repartos que, por outra parte, son totalmente discrecionais, xa que non existen criterios que os regulen.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a resposta ante posibles emerxencias, en concreto:

1. Esixindo o cumprimento do Convenio de colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento do grupo de emerxencias supramunicipais asinado o 30 de decembro de 2024 entre a Xunta de Galicia, as catro deputacións e a Fegamp.

CSV REXPO-b4EjKUCO-6
Validador:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

2. Establecendo uns criterios de reparto de material obxectivos que atendan por igual as necesidades de cada un dos territorios.

3. Elaborando un informe das zonas do territorio galego que quedan sen cubrir co fin de poder dotalas de servizos de emerxencias supramunicipais.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

CSV REXPO-b4EjKUCO-6
Verificación:
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 10:43:43

Patricia Iglesias Rey na data 28/08/2025 10:43:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/08/2025 10:44:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

CSV REXPC-b4EjKUCO-6
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 10:47:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 10:47:50
Nº Rexistro: 32591
Data envío: 28/08/2025 10:47:50.559

CSV REXPO-b4EjKUCO-6
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

